

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 6/2020 , ORDINARIA, 24 DE SETEMBRO DE 2020

EXPEDIENTE: 2020/G003/000433

Asunto: Convocatoria

ÓRGANO COLEXIADO: Pleno

Nº SESIÓN: 6/2020

CARÁCTER : Ordinaria (xoves 24 de setembro de 2020 ás 20:30 horas)

En uso da atribución que me conferen os artigos 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, tendo en conta o acordo plenario do 24 de xullo de 2019, polo que se estableceu a periodicidade das **sesións ordinarias do Pleno, convoco a correspondente ao mes de setembro de 2020, para o xoves 24 de setembro de 2020, ás 20:30 horas** (ou dous días hábiles despois á mesma hora en segunda convocatoria, en caso de non existir o quórum esixido na primeira) no Salón de Sesións da Casa do Concello coa seguinte

ORDE DO DÍA

Parte resolutiva da sesión

- 1.- Aprobación, no seu caso, da acta da sesión anterior (sesión 5/2020, ordinaria, do 30 de xullo).
- 2.- Proposta da Alcaldía ao Pleno para a aprobación da conta xeral do Concello de Carral correspondente ao ano 2019 e rendición dela ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Cuentas.
- 3.- Proposta da Alcaldía ao Pleno de adopción de proposta de fixación de festas laborais locais para 2021.


Parte da sesión de control dos demais organos da Corporación

- 4.- Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
- 5.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
- 6.- Rogos e preguntas.

Notifíquese a presente resolución por correo electrónico a todos/as os sres/as concelleiros/as da Corporación, á señora Interventora e á señora Técnica de Administración Xeral do Concello, advertíndolles que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

Póñase a disposición dos/as sres/as. concelleiros/as convocados a documentación dos asuntos incluídos na orde do día na Secretaría do Concello (titular ou accidental) a partires da notificación da convocatoria.

En calquera caso, **a sesión presencial deberá realizarse con estrito cumprimento das medidas sanitarias establecidas polo Ministerio de Sanidade do Goberno da Nación e pola Consellaría de Sanidade da Xunta**



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

de Galicia, para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, vixentes no día en que se realice a sesión.

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

Visto o decreto,

O SECRETARIO

Diego García Doval